



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Persoal

*Aprobación inicial da modificación da relación de postos de traballo do Concello da Coruña*

##### ANUNCIO

En sesión celebrada o día 18 de setembro de 2024, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña, de acordo cos antecedentes que constan no expediente e que se recollen no anexo desta proposta.

**SEGUNDO:** Someter a devandita modificación da RPT a información pública, coa publicación dun anuncio desta modificación no BOP da Coruña, durante un prazo de vinte días hábiles nos que as persoas interesadas poderán presentar reclamacións, suxestións ou alegacións. Este prazo iniciárase ao día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

Transcorrido o prazo de información pública, a aprobación elevarase a definitiva se non se presentaron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a RPT deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

**TERCEIRO:** Publicar, transcorrido o prazo de información pública, o contido íntegro da RPT do Concello da Coruña definitivamente aprobada.

A devandita documentación estará a disposición das persoas interesadas no:

1. Xestor de contidos SPO – ALFRESCO
2. Portal de Transparencia do Concello da Coruña: Relación de Postos de Traballo e Cadro de persoal (coruna.gal)
3. Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal>

Prazo de exposición pública para o exame e para a presentación de reclamacións: vinte días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 23 de setembro de 2024

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local

José Manuel Lage Tuñas

2024/6707